

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.57629>

 EDICIONES
COMPLUTENSE

Galicia Diplomática (1882-1893): imaxe, discurso e identidade. A xénese da lectura historicista como proceso identitario na Galicia decimonónica

Abel Lorenzo Rodríguez¹

Recibido: 13 de marzo de 2016 / Aceptado: 19 de setembro de 2017

Resumo. A revista *Galicia Diplomática* (1882-1893) é un referente dentro das investigacións históricas galegas. Neste artigo pretendemos amosar unha parte do seu legado e os obxectivos e influencias que a unían tanto aos procesos identitarios como ao uso historicista do medievalismo a través do patrimonio, do documento, o debate coa industrialización ou incluso a utilización laica e relixiosa baixo o signo do que W. Benjamin deu en chamar o “corpo como emblema”.

Palabras chave: Historiografía; patrimonio histórico; medievalismo; galeguismo; *Galicia Diplomática*.

[es] *Galicia Diplomática* (1882-1893): imagen, discurso e identidad. La génesis de la lectura historicista como proceso identitario en la Galicia decimonónica

Resumen. La revista *Galicia Diplomática* (1882-1893) es un referente dentro de las investigaciones históricas galegas. En este artículo pretendemos mostrar una parte de su legado y los objetivos e influencias que la unían tanto a los procesos identitarios como al uso historicista del medievalismo a través del patrimonio, del documento, el debate con la industrialización o incluso la utilización laica y religiosa bajo el signo de lo que W. Benjamin llamó el “cuerpo como emblema”.

Palabras clave: Historiografía; patrimonio histórico; medievalismo; galleguismo; *Galicia Diplomática*.

[en] *Galicia Diplomática* (1882-1893): Image, Discourse and Identity. Origins of the Historicist Interpretation and Galician Identity Process in the Nineteenth-Century

Abstract. The magazine *Galicia Diplomática* (1882-1893) is a reference in historical galician researchs. In this article we want show a part of its heritage, aims and influences which connected the magazine with identity process like the historicism of medievalism trough the heritage, documents and the debate with the industrial revolution or even with the laicist utilization or religious of what W. Benjamin called “body as emblema”.

Keywords: Historiography; Historical Heritage; Medievalism; Galeguism; *Galicia Diplomática*.

Sumario. 1. *Galicia Diplomática*: paradigma, xénese e razóns. 2. Unha aproximación ao medievalismo en *Galicia Diplomática*. 2.1. Foros e lexitimidade: eloxio e condena dunha particularidade galega no contexto finisecular. 2.2. Identidade nacional: o carácter prismático do constructo e o patrimonio como síntoma. 2.3. Portugal, Galicia e a Idade Media: debates e polémicas. 2.4. Futuro pasado: tradición e historia na disputa sobre a modernidade. 2.5. O corpo é o emblema? A cuestión comparativa da exhumación rosaliano-santiaguista. 2.6. Folclore e voz muda dos historiadores: a valoración dos estudos orais. 2.7. Entre conservación, restauración e ideal patrio: por que e que se debe conservar? 2.8. Didáctica do discurso: literatura ou positivismo fronte o novo público. 3. Conclusións e proxeccións no galeguismo do séc. XX das ideoloxías sobre o Medioevo: deica unha erótica da reacción? 4. Referencias bibliográficas.

Como citar: Lorenzo Rodríguez, A. (2017): “*Galicia Diplomática* (1882-1893): imaxe, discurso e identidade. A xénese da lectura historicista como proceso identitario na Galicia decimonónica”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, pp. 53-71.

¹ Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Historia / Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento-CSIC.
E-mail: abel.lorenzo@rai.usc.es

E errará por completo quen se contente co inventario das súas descubertas sen ser capaz de indicar no chan presente o sitio e o lugar onde foi conservado o antigo.

Pois a función das lembranzas verdadeiras non é testemuñar o pasado, senón describir precisamente o lugar no que o buscador tomou posesión del
W. Benjamin (*apud* Rábade Villar 2011)

1. Galicia Diplomática: paradigma, xénese e razóns

Como el guerrero y como el monje no nos parecemos a nosotros mismos y tenemos que cumplir fines más altos (...) en este sacerdocio de la prensa, que sacrifica ricamente en el altar de la patria
(*GD* II/1: 1)

Falar de *Galicia Diplomática (GD)*² non só é afondar nunha simple revista de carácter erudito, senón nun interese polo pasado adaptado dende unha óptica por primeira vez como revista galega histórica de seu, a pesares de que os traballos sobre a mesma sexan escasos; unha falta que investigadores actuais resucitan na problemática do patrimonio (Rivo Vázquez 2012, 2014). A grandes trazos podemos afirmar que *GD* é un intento por introducir un método positivista entre a variedade explosiva romántica e literaria representada por B. Vicetto. Como é posíbel esta revista, en que contexto se entende? Dende a óptica do galeguismo entre o provincialismo e o rexionalismo, nunha transición onde sobreviven diferentes debates, sobre todo o representado por Murguía-Brañas, ou o que é o mesmo, entre o rexionalismo liberal e o tradicionalista (Berañendi 2007: 231-266) e nun período político de relativa estabilidade —a Restauración (1875-1902)—, logo dos experimentos do Sexenio democrático (1868-1874).

Nos seus 11 anos de traxectoria (1882-1893) o sostemento da revista faise a través das deputacións provinciais, interesadas polo coñecemento e catalogación do seu patrimonio e tamén atentas a utilizar o pasado a través dun medio erudito e non dos romances neogóticos e hiperbólicos dos post-románticos³, ou cando menos dos seus excesos evocativos⁴. Así, o documento e a fonte popular débense amosar lonxe de adornos, nunha perseverante idea de pureza onde se procura un monopolio da historia fronte aos usos do *vulgo*. A repercusión tamén se fará notar na rede de personalidades, eruditos e afeccionados que pasan polas súas páxinas e que inclusive, logo de pechada a revista, continuarán en proxectos semellantes⁵. Dende a redacción, establecida na santiaguesa rúa das Campás de San Xoán, a importancia da rede de grandes e pequenos eruditos é bastante eficaz a xulgar polos feitos expostos nas misceláneas: D. José Gil, párroco da Franqueira, D. Fernández dende Jaén por unha relación de topónimos romanos da época de Augusto na Coruña e outros de Palas de Rei, Ribadeo A Coruña, Vigo, Pontevedra; e importantes protectores como o Cardeal Payá (*GD* V/1: 8), quen por un lado tenta romper esta rede coa excesiva inclinación deica o *santiaguismo* e por outro chegar a eruditos e afeccionados entre a extensa rede parroquial do país.

Escomenzan por inxerir unha longa ringleira de nomes. Senon todos, era a grande maioría dos «patrocinadores de ésta publicación». Contanse a dúas columnas por folio mais de cinco centos. Ao fronte, tres das catro Diputacións Provinciales. A de Pontevedra abonada a 50 exemplares, a de Coruña a 40, a de Lugo, a 30. (Paz Andrade 1985: 161)

² A forma de citar as informacións provintes de *Galicia Diplomática* será con nome abreviado (*GD*), seguido do volume en número romano, e a continuación o número concreto e a páxina en numeral arábigo (ex. *GD* II/1: 1). Agradezo aos avaliadores externos polas observacións e melloras pertinentes para este artigo. Tamén agradezo a Miguel García-Fernández e Marina Garzón o seu punto de vista crítico como primeiros lectores. Tamén debo a José Carlos Bermejo Barrera o coñecemento —dentro da súa extensa obra— das referencias á problemática sobre o patrimonio.

³ “desmentir cuanto hay escrito y admitido que merece censura y a consignar sin duelos ni compromisos, ni preocupaciones cuanto creamos de todo impreciso a la conservación de las antigüedades y a la verídica narración de los hechos” (*GD* II/1: 1-2, *apud* Rivo Vázquez 2012: 54). Móstrase aquí o impulso rankeano do gusto polo que é “wie es eigentlich gewesen ist” (tal e como realmente foi), ou polo menos esa é a teoría.

⁴ B. Vicetto considera as súas obras como históricas e non simples divertimentos literarios: “Rogín Rojal es el bosquejo histórico de las incidencias funestísimas en Galicia de aquel reinado” (Vicetto 1899: 8).

⁵ Referímonos aquí a *Galicia Histórica*, herdeira parcial do espírito de *GD*, dirixida por López Ferreiro, que en anteriores ocasións colaborara para *GD* como un dos seus autores máis importantes xunto a Barreiro de Vázquez Varela e Villaamil y Castro (Portela Silva 2003: 522).

De feito, moitos alcaldes como o de Pontevedra pedían permiso ao seu concello para ser subscritor (*GD* II/3: 24). Hoxe en día case se podería considerar *GD* como unha publicación semi-pública debido ao apoio de deputacións e concellos dende a súa mesma fundación, algo que aparece constantemente entre os agradecementos ao Concello de Santiago, corporacións particulares e xornalistas (*GD* II/1: 2). Porén destaquemos que este éxito organizativo se reflicte na relativa durabilidade no tempo de *GD*, segundo as agarimosas verbas de Paz Andrade: “De primeiras semella tratarse de cadernos de outra cultura. Entraba na palestra axiña de que *La Ilustración Gallega y Asturiana*⁶ –que fora dirixida por Murguía– non puidera sosterse máis de tres anos” (1985: 158).

O segredo do seu éxito tamén recaerá en personalidades como Bernardo Barreiro de Vázquez Varela (Santiago, 1850 - Coruña, 1904), arquivista municipal no concello de Santiago e logo na deputación coruñesa (Serrano Téllez 1997: 247), cuxa enerxía organizativa e formación de arquivista encádrase nunha formación histórica alén da universidade, cun fondo coñecemento da historia e das súas fontes en Galicia, así como nunha gran capacidade de traballo que deu pulo á revista xunto a outros persoeiros como Manuel Murguía, López Ferreiro, Alfredo Vicenti ou Villaamil y Castro⁷.

Malia a cita que encabeza este traballo, reivindicaremos unha análise de *GD* que amose as súas evidentes ligazóns coa teoría rexionalista, encadrando no mesmo moitos ámbitos analizados dende a perspectiva artística ou relixiosa como o patrimonio, ámbitos que sen a compoñente nacional serían incompreensibles. Para limitar xustificadamente o noso fértil campo de estudo, escolleremos a selección de obras e temáticas medievais que *GD* explotou nun amplo abano de posibilidades ideolóxicas, dende o simple positivismo documental até o berro panfletario e requintado dalgúns dos

seus autores. Tentaremos así equilibrar a importancia que se lle concede ao celtismo como *topos* historicista desta xeración de vangarda, outorgando á Idade Media o lugar que eles lle deron e cuxa importancia viviu no tempo como outro *topos* favorito dentro do seu discurso identitario. Por que a Idade Media? Alén da súa importancia e interese nos máis de 70 números da revista, destaca a importancia concedida ás fontes: *Historia Compostelana*, *Cronicón Iriense*, *Los Churruchaos* ou a primeira publicación da relación de Vasco de Aponte son algúns dos títulos publicados como anexos e ensaios na tendencia dos *Monumenta* que recorre Europa (Carbonell 1986: 113-118). O baleirado de arquivos é outra constante en paralelo ao anterior⁸.

Lonxe de poder vertebrarse como unha revista de eruditos poeirentos, *GD* foi concibida como unha arma social e patriótica mesmo nas cuestións máis nimias e locais que precisaban da honrada intervención da historia para aclarar preitos de propiedade; non só no referente aos foros da Igrexa, senón á cuestión de apropiacións e propiedade mancomunada, sobre todo no caso dos montes, cuxa problemática legal resistiu contra a ofensiva de privatización xeral, malia que os comunais dos concellos resistiron moito mellor que os bens eclesiásticos á primeira onda desamortizadora. Nese papel de litixio a demostración histórica da propiedade salta máis alá do académico, transcendendo séculos incluso até o Medioevo. Esta actualidade é evidente nese interregno entre o vello que non termina por desaparecer e o novo que non acaba de nacer. Para a cidade compostelá é importante que “(...) es, además, digno de estudio por contener noticia de algunos juros, privilegios y propios cuya aclaración sería de importancia en la actualidad” (*GD* II/8: 57). Lonxe de erudicións inútiles, a conservación de determinados documentos e a súa heurística producía debates con gañadores e perdedores, con beneficiados ou deslexitimados.

⁶ Recordemos que este proxecto de Murguía rematou en 1882, data de fundación de *GD*.

⁷ Algúns datos estatísticos ao respecto: até o 1889, dos 1290 artigos, 500 foran autoría de Bernardo Barreiro. Outros como Villaamil y Castro á altura de 1887 tiñan xa 56 artigos (Barreiro Fernández 2003: 13-14).

⁸ Moitos destes títulos como a *Historia Compostelana* ou o *Cronicón Iriense* non se chegaron a publicar nunca mais estaban programados nunha lista anexa en “Testimonio de la Capitalidad de Galicia” en *GD* V. Posiblemente o herdeiro máis directo desta preocupación pola edición de fontes documentais sexa López Ferreiro no seu libro *Colección Diplomática de Galicia Histórica* (1901).

Así, a importancia de *GD* para a historia de Galicia e en concreto para o medievalismo futuro baseábase na edición de corpus de fontes primarias (Códice de *Los Churruchaos*), a creación dunha rede interdisciplinaria coa participación de eruditos consolidados como López Ferreiro e investigadores afeccionados, o incentivo ás obras de mellora nos principais monumentos, principalmente medievais, e a importancia no discurso ideolóxico e identitario do *topos* medievalizante.

2. Unha aproximación ao medievalismo en Galicia Diplomática

2.1. Foros e lexitimidade: eloxio e condena dunha particularidade galega no contexto finisecular

Ante a lexitimidade cada vez máis cuestionada do foro, sáltase do dereito sagrado de posesión ás razóns humanas de ambición e loita no dereito polas terras⁹. O ídolo das orixes de F. Simiand (Dosse 2006: 27), neste caso a pertenza das posesións eclesiásticas na Idade Media, ten unha clara actualidade logo das desamortizacións e a eterna cuestión non solucionada dos foros, retrotraendo as motivacións máis humanas alén do contemporáneo para explicar o eixo fundacional de moitas propiedades eclesiásticas lonxe de explicacións teocráticas.

Mais non só o foro. As orixes de votos e tradicións, ao seren revisadas no panorama liberal, poranse en dúbida, algo que dende *GD*, polo seu profundo santiaguismo e como defensores da tradición, fitarán como unha deshonra e un descrédito para o país; por exemplo, a tentativa de poñer fin á doazón rexia a Santiago durante as celebracións anuais¹⁰. O queixume sobre a situación contemporánea, aínda estando na estabilidade da Restauración, amosa a polémica

dunha lexitimidade rota, a da Igrexa cando a ofrenda é simbólica e non na cantidade de cartos tradicional, o que revela un espírito xacobeo en horas críticas e dende 1804 con intentos de abolir o privilexio do Voto, aínda sendo simbólico dende 1834 (Rey Castelao 2006: 214-218).

Colaboradores importantes de *GD* como Manuel Murguía, profundos coñecedores do problema foral dende a súa perspectiva histórica, amosáronse conservadores dende o punto de vista da redención foral. A problemática dos que desexaban preservar a foralidade podería presentarse como unha nostalxia identitaria de longo espectro, como no caso de J. Gil Villanueva (Villarez Paz e Artiaga Rego 2007: 181-185), que condenaban os forais mais perdoaban o foro; isto é, procurábase desligar da problemática foral os malos usos e as explotacións pretendendo as bondades dun sistema corrompido por unha caste social. A masa de intelectuais pola redención dos foros e a posición numantina dalgúns como Murguía en contra poderían repercutir nunha sospeita sobre o carácter histórico na transcendencia identitaria.

Por que a política identitaria de auto-recoñecemento? A pesares de levar até as supostas orixes celtas –segundo Murguía–, a cuestión é basicamente medieval xa que se cristaliza na aparición dos suevos en tanto que recuperan o anterior como anuncio da futura utilización dese réxime de propiedade e da ligazón entre os homes¹¹. De feito case se detecta unha nostalxia por un cambio do foro que non fai senón mellorar a calidade de vida dos traballadores do campo¹². Inserida nunha *longue durée* as famas do foro deben sobrevivir ás súas mesmas corrupcións. Eliminalo da historia nacional implica unha vertixe auto-destrutiva co propio pasado, con ese país estraño mais que debe

⁹ “abusos del poder temporal eclesiástico, negocios de interés profano y derrotas sufridas en campo abierto de guerra, he ahí las causas de la retirada de Munio a este asilo y la fundación del monasterio: cosas bien humanas por cierto!” (*GD* II/1: 4).

¹⁰ “(...) y hallando por todas partes negativas, una vez que no tenían conocimiento del Real mandato en ninguno de estos centros oficiales (que así marchan las cosas en nuestra monarquía)” (*GD* II/3: 19).

¹¹ “(...) las semejanzas entre la organización de la marka y la de nuestros foros generales, –y aún pudieramos añadir, la de nuestras parroquias y arciprestazgos, honras y coutos– es tal que no sería necesario un gran esfuerzo para ver sus identidades, si no supiéramos que otros elementos más que los puramente germánicos, entraron a dar vida á la naciente sociedad que precedía de cerca el advenimiento de la sociedad feudal” (Murguía 1882: 61).

¹² “Había desaparecido el trabajador eternamente encorvado sobre una misma gleba, y la propiedad francamente tributaria salía de entre el caos de los tiempos bárbaros” (*Ibid.* 119).

perdurar na realidade do imaxinario político nas súas orixes feudais. Murguía sabe expoñer ben as problemáticas do foro¹³ e apunta ao corazón do problema en que a desamortización non implicou o fin das cargas forais, senón mais ben o cambio de dono: o problema é a Igrexa, o resto de propietarios en réxime de foro non é exposto.

Na reviravolta que a intelixencia de Murguía organiza, logo dos agravios acendidos e elocuentes, aparece a realidade: reforma ou barbarie¹⁴ coa que remata o seu libro. Mais, ten realmente un carácter nostálxico este chamamento ao mantemento do foro? Para nós está demostrado que a radicalidade da súa presenza histórica a imposibilita para desaparecer; con todo, Murguía defende que un futuro despoamento do campo levará a que as terras de novo precisen un novo foro, en futuríbeis afastados.

2.2. Identidade nacional: o carácter prismático do constructo e o patrimonio como síntoma

Dous factores rexen os destinos da historia nacional: estimulantes e analxésicos. Máis alá do símil médico, a afectación con que se saudou dende as arcaicas correntes galeguistas esta metáfora sempre ten algo de orgánico e de personificación entre o esperto e o durmido, do rexurdir nacional en definitiva (*Rexurdimento*, *Renaixença*, *Risorgimento*) (Rábade Villar 2011: 190). A continuidade e perseveranza de

GD nos seus chamamentos, dende os editoriais de cabeceira até os artigos interiores e nas materias máis áridas para tal propósito, liga evidentemente o estudo da historia coa valoración da patria. Unha evidencia que no caso do patrimonio –como veremos máis adiante– semella non ser tan clara hoxe en día á hora de afrontar e comprender a preocupación destes eruditos polas ruínas e o documento¹⁵, se non fose pola calidade espectral que rodea a áurea dos restos do pasado como propios.

A problemática que nos limita aquí, preguntarnos polos usos historicistas na identidade rexional ou nacional polo medievalismo, xa fora exposta por Paz Andrade a partir dun medio, *a priori*, discreto: o molde das letras (Fig. 1). Máis alá do puramente tipográfico, escoller un ou outro tipo é tomar posición, e a xenealoxía das mesmas manifesta un interese en que o molde gótico (como no caso tedesco) ou neorrománico di moito dos escritores e do interese, aínda que sexa lateral, polo medievalizante, unha tendencia de longa duración que persevera e se consolida cos deseños de Castelao para a *letra galega* até os noso días¹⁶. Así, patrimonio non é tan só unha pregunta polas pedras, senón por xestos tan discretos como o tipo de letra, mais que se deben considerar de forma holística, como síntoma de algo moito maior, desta vez enmarcando en tres xanelas góticas o nome das disciplinas da revista case como un documento epigráfico: historia, arqueoloxía, heráldica, literatura, ciencias e artes.

¹³ “Dispensos las comunidades, derruídos los conventos, nada costaba declarar abolidos los que pagaban a los monjes y demás casas religiosas de nuestro país (...) sin embargo esta se impone y no hay un medio hábil de rehurla (...) Y en efecto, mientras la redención no sea obligatoria, la propiedad gallega, foral en su inmensa mayoría, seguirá esclava; puesto que todavía no se han borrado en ella por completo, las huellas de su origen feudal” (*Ibid.* 231).

¹⁴ “Así, pues, nosotros no tememos aconsejar la conservación del foro y pedir que se organice debidamente” (*Ibid.* 233).

¹⁵ “Solos, desde la anciana ciudad de los recuerdos, sumida aún en profundo letargo, en medio de la general apatía por cuanto tienda a resucitar las antiguas grandezas de la región gallega, y presenciando la muerte de ilustradísimas publicaciones análogas a quienes no han valido su nobilísimo patriotismo... hemos comenzado en 1882 la presente Revista... anhelando establecer la idea de una publicación..., que, recopilando en sus páginas cuantas noticias interesantes contienen los autores antiguos y modernos, cuantos documentos inéditos y desconocidos se guardan o se han extraído de nuestros desordenados archivos, y cuantos estudios importantes debamos a la pluma de los escritores amantes del país, llegue a ser como el gran arsenal de materiales del que... con el esfuerzo de todos... pueda formarse la verdadera y hoy imposible Historia de Galicia” (Paz Andrade 1985: 164-165).

¹⁶ “A romanidade tórnase no título da Revista e nos subtítulos. Sospeitamos agora que ceicais pol-a primeira vez, o tipo de letra románico, se incorporou as rotulacións da prensa galega. Con certa base para sospeitar que non teña fonte mais directa, a arte da letrista que Castelao relanzou. Principalmente desde o título do Nos, a cabeceira do xornal Galicia e as portadas de libros poéticos de Cabanillas” (*Ibid.* 163). Véxase tamén os comentarios que sobre esta idea do grafismo medievalizante –que para nos comeza con *GD*– fai Pepe Barro (2014: 36-37, 53-54).



Fig. 1. Portada do primeiro número de Galicia Diplomática

O rexionalismo de *GD* maniféstase a través da idea dunha unificación das catro provincias, xa dende o aspectos políticos ou xa dende a visión de crear un lugar onde conservar axeitadamente o patrimonio pasado¹⁷; enténdese así que o seu rexionalismo¹⁸ veña dado pola idea dunha restauración —en parte— do

Antigo Réxime, xa que se invoca nun sistema de representación política desmontado pola transformación liberal. Deste modo, a idea de reunificación emparéntaos cos provincialistas, cuxa máxima era restaurar a unicidade de Galicia nunha soa provincia. Expoñeremos a seguir algúns deses paradoxos e as temáticas principais dos usos da historia.

2.3. Portugal, Galicia e a Idade Media: debates e polémicas

Un dos *topos* que menos é común destacar no séc. XIX, eclipsado polo celtismo, é o carácter lusista e irredentista de moitos autores que remiten inevitabelmente á Idade Media, xa que a suposta unidade galaico-lusa se funda no Medioevo e coa fin deste tamén desaparece aquela. Galicia-Portugal, unidos en orixe nun mesmo *fatum* a través das almas dos pobos, as linguas¹⁹ e coa idea certa dunha orixe común do portugués o do castelán no galego (*GD* II/9: 69). Detéctase un prominente proto-lusismo²⁰ como cando se afirman as orixes comúns máis alá inclusive da lingua, isto é, na historia familiar-política²¹. Alí onde habita a intimidación da historia das nacións aparece o argumento lusista que salta sobre a lóxica unificadora da Meseta nos argumentos españolistas, como cando Albornoz sentenciaba que Portugal era un azar histórico²². A gloria nacional galega, castrada nesta visión por non ser independente no seu proceso histórico, alíase e tenta confundirse no país que si tivo éxito na súa independencia.

¹⁷ “(...) para el día en que Galicia no tenga cuatro provincias sino una sola y celosa autoridad patriótica que se cuide de recoger los rotos pedazos de nuestra antigua grandeza, para el día en que volvamos a tener Juntas de Galicia que deliberen de lo que conviene a esta región, con su poder ejecutivo y arbitrios propios como sucedía aun a principios de este siglo (...) mandando recoger cada una por su parte cuantos documentos de todas clases puedan alcanzar, y excitando el patritotismo de los particulares (...)” (*GD* II/11: 82).

¹⁸ Non podemos chamar provincialismo a un tipo de pensamento político que é moi posterior a este e que integra un programa ideolóxico alén da unificación en provincia. A pesares desta matización e da importancia de *GD* e da súa retórica identitaria, non é mencionada por Justo Beramendi na súa obra xa clásica *De provincia a nación*. Recordemos tamén que contemporaneamente á publicación de *GD*, aparece unha publicación esencial para o rexionalismo, *La Espala Regional* (1886-1893), dirixida por F. Romani e J. Pella (Justo Beramendi 2007: 209).

¹⁹ “(...) mitificação das glórias galaicas em beneficio da unidade dos dous povos, unidos por unha fatalidade do destino, e a comum origem literária (...)” (Torres Feijó 1999: 45).

²⁰ Con proto-lusismo, un vocablo noso, desexamos establecer unha tese anterior —meramente histórica e non gramatical— ao desexo de unificación identitaria con Portugal.

²¹ “La historia del reino hermano, siendo una misma que la de Galicia desde tiempos remotos hasta el gobierno del conde D. Enrique, a fines del s. XI, está desde entonces completamente ligada de una manera íntima y en todos sus periodos (especialmente de la Edad Media) con nuestra vida militar, comercial y literaria, confundándose en las familias nobles los apellidos gallegos y lusitanos (...)” (*GD* V/5: 40).

²² “Un jirón de Hispania, que ni la raza, ni la tradición, ni la cultura, ni las instituciones separaban de las otras tierras peninsulares” (Sánchez-Albornoz 1993: 63).

O Portugal medieval volve nos estudos galegos como estudos filolóxicos de finais do séc. XIX (Torres Feijó 1999: 273-318), onde se procura unha interesante e sólida lexitimación medievalizante que chega até hoxe nas correntes lusistas no ámbito da gramática (Cordal Fustes 2009: 40-41). Un punto de encontro que era igual en Vicetto cando este condenaba a creación do reino de Portugal como un erro xeopolítico de Xelmírez e as súas políticas a favor de Cluny (Villares Paz 2009: 924). Unha lóxica derivada da condena do séc. XV, na que algúns como López Ferreiro non entraban, era descubrir que o século horrible representara unha doma e castración figurada no emblema cadavérico de Pardo de Cela berando “!Credo, credo!”²³, utilizado falsamente xunto a Pedro Madruga, non só como os últimos estandartes da independencia, senón da vinculación profunda con Portugal como saída natural do desenvolvemento nacional. A ligazón ao país luso fornecía unha orixinalidade única na Península xa que, a diferenza de Cataluña ou Euskadi, Galicia podía vivir na ilusión dese fillo medrado e observar o seu desenvolvemento como propio. O interese de *GD* non foi central na súa recollida de documentos, mais si que se encargaron de amosar unha preocupación pola historiografía do país irmán e seguir definindo esa vinculación medieval que perduraba na fala.

2.4. Futuro pasado²⁴: tradición e historia na disputa sobre a modernidade

O eloxio do histórico e do romanticismo evidente polo mundo pre-industrial combínase paralelamente co saúdo á revolución industrial na figura da “nosa señora de ferro” como unha redentora, unha panacea que despertará as antigas glorias nacionais e levará á reconciliación co resto do Estado logo de tantos agravios. Este discurso esquizofrénico entre a loa dos sistemas representativos do Antigo Réxime (xermolados no baixo medievo) e do progreso técnico reflicte ben que o uso historicista ou histórico do galeguismo non sempre implica unha condena visceral da *techné*, senón que os utiliza en cadanseu ámbito: un para lexitimarse nun pasado recreado, outro para aliarse coa burguesía e estandarizarse cara á moderna Europa.

No acendido editorial e actualidades do ano 1883, baixo a a exclamación de *¡Despierta Lázaro!*, saúdase a apertura do ferrocarril do noroeste de forma tremendista e facendo un repaso á historia de Galicia con especial fincapé nos fitos medievais²⁵, estruturando así o texto. Esta reconciliación mediante os camiños de ferro coa metrópole e Castela utilízase como re-memoración dun pasado cheo de agravios onde se achegan nada máis e nada menos que catro exemplos que monopolizan

²³ Evidentemente, a anécdota entra dentro do mito. A importancia radical de Cela en *GD* vese ben cando se quere ligar o día da súa morte a unha efeméride de conmemoración nacional, o día da Independencia (*GD* IV/31: 237-239, *apud* Rivo Vázquez 2012: 37). Para a inmensa publicística sobre o Mariscal véxanse o estudo de Pardo de Guevara 2005: 83-109.

²⁴ Utilizamos aquí un dos títulos máis famosos de Reinhart Koselleck (1993:267) quen utilizando unha frase célebre de Alsted, un erudito do XVII, afirmaba: quen inventa peca contra a historiografía, quen non o fai, peca contra a poesía. Exemplifica así deste modo a disputa da modernidade a través do discurso histórica, algo estrutural en *GD*.

²⁵ “Ella [a data de apertura do ferrocarril] es la resurrección de un pueblo muerto, la de la reivindicación de los ultrajes recibidos y soportados con paciencia durante algunos siglos (...) el perdón de una apatía criminal y sin ejemplo en nuestra raza: los brazos que al fin nos tiende una madre cuyo cariño habíamos puesto en duda (...)” (*GD* II/9: 65).

²⁶ “No en vano han dormido sobre legítimos laureles aquellos suevos que llevaron sus armas y sus fronteras hasta Andalucía y lucharon largo tiempo con los godos formando una nación independiente y poderosa (...) los hijos de aquella región en la que los primogénitos de los reyes se amaestaban en el gobierno y se educaban para la ciencia entre sus sábios monjes, y para la guerra entre sus valientes nobles (...) la que no consistió jamás por la fuerza el extranjero dominio [ou sexa, tanto cos musulmáns do séc. VIII como cos franceses do XIX] y en la cual tuvieron principio los mal llamados reinos de Leon y Castilla (...) recuerda que los árabes hablaban de su territorio con un terror semejante al de los romanos, denominándole por los montes de Afranc (...) y haciendo memoria de sus antiguos límites por el Duero y por las provincias vascas, tenderá a buscarlos nuevamente para formar, en lugar de cuatro pequeñas, una grande y única provincia, como lo fué en el tiempo de sus añejas glorias! (...)! ¡Lusitanos, leoneses y astures formaban contigo una sola familia! Pero el redentor del siglo XIX llama ya a las puertas de tu sepulcro con el silvido de la locomotora” (*GD* II/9: 65-66).

os argumentos historicistas dos que se fan gala²⁶. Polo tanto, trátase de constantes referencias a un pasado imperial ou expansivo dunha *Gallaecia* que dominaba a área noroeste da península e que agora semella ver cumpridos, nun novo *re-enactment*, fornecendo solidez aos desexos dunha redención mesiánica pola industria ao mesmo tempo.

Porén, en artigos anteriores, como a amplísima relación de sucesos pola visita de Castelar a Galicia, nas verbas sobre a viaxe do líder republicano hai un estremecemento ante a diferenza que o antigo presidente fai entre o pracer pola arte en si e a arte como medio relixioso; entón aparece o medo a que esta arte sexa mal entendida e que “(...) habremos dado fin á la historia antigua de nuestras glorias y de nuestros cariños de la infancia, para pensar unicamente en las faenas de la industria, en las lides de la política ao en las bellezas del arte?” (*GD* II/7: 49-50). Unha escisión importante a que proclama na súa polémica visita Castelar e sobre a que se reflexiona sen anatema en *GD*: a nova historia, ao rexeitar o aspecto mítico (debido ao positivismo do documento), pódese auto-destruír relixiosamente nun prematuro *Entzauberung*, unha contradición que non se entendía como dentro do mundo mecánico do ferrocarril, ao cal se saudaba nunha longa liña histórica propia. Estes debates sobre a modernidade –e as súas enfermidades– estarán presentes dunha forma decidida en *GD*.

2.5. O corpo é o emblema? A cuestión comparativa da exhumación rosaliano-santiaguista

Outro *topos* medieval de intensa importancia, debido á súa maior proxección relixiosa (e nacional), é a cuestión dos restos do Apóstolo como elemento vertebrador da historia galega. A actitude de *GD* foi proclive ás controversias e algúns equívocos no proceso de autenticación das reliquias, xa que tamén se reconece que tal demostración da falsidade dos restos sería un “cataclismo en nuestra historia” (*GD* II/10: 75), unha actitude a destacar. Na época en que, mortas as peregrinacións, o cardeal Payá

decide redescubrir os restos a través dunha nova *inventio*, as consecuencias para eruditos e relixiosos serán moi intensas debido primeiro aos problemas que representa o corpo en si, ou sexa como alegoría (Benjamin 2006: 300), e logo materialmente na relación ciencia-fe nun aparente contexto de verificación xeral dos corpos santos medievais²⁷. O informe encabezado polo catedrático Antonio Casares, daquela reitor (Suárez Otero 2004: 27), era o suficientemente ambiguo como para reactivar as sospeitas, xa afastadas, de Roma sobre os restos do apóstolo. *GD* lonxe de amosarse triunfalista ou dogmática decidiu entrar no debate, pero sen dubidar dos restos, e moito menos da súa importancia máis polo carácter nacional que polo relixioso, aínda sendo simbióticos ambos. A bula de León XIII (“Deus Omnipotens”) despexou as dúbidas e medos e foi recibida con ledicia por unha cidade estremecida, mantendo a respiración ante unha resolución dubidosa. Na loita entre a hexemonía da tradición ou do positivismo científico e documental máis insensíbel, que contaba máis? Poñer en cuestión a tradición tamén implicaba eliminar unha parte do *Geist*.

Atreverse a comparar a exhumación dos supostos restos do apóstolo cos de Rosalía de Castro sería ousado abondo se detrás da significación nos dous casos non existise non só un motivo ideolóxico, senón unha proba máis do positivismo e do gusto pola proba, mesmo forense, de *GD*. Ambos corpos son canonizados, un na xénese das idades pretéritas e quizais míticas de Galicia, outro como unha refundación moderna da heroicidade dunha nova referente, a escritora-mártir que entrega a súa vida por rescatar a voz esquecida da nación; non só como cadáveres ingresan na patria alegórica (Benjamin 2006: 439), senón como resucitados que aportan veracidade e consistencia á historia nacional. O seu desenterramento é unha reactivación dunha *inventio* na cal se precisan as probas da historia, a arqueoloxía (como López Ferreiro na escavación da catedral) ou o dereito, pois desenterrar significa en parte resucitar

²⁷ “Algunos otros se han abierto recientemente en esta ciudad de esos llamados de cuerpos santos por el vulgo, para cerciorarse de si era verdad la fama pública; ¡nada se ha hallado en ellos más que el mísero polvo amontonado por los siglos...! pero cayeron las losas sobre sus nuevos encajes y solo unos privilegiados sabemos a que atenernos!” (*GD* II/10: 74).

para a comunidade a lembranza da súa importancia. A transcendencia de *GD* na información da exhumación de Rosalía para o seu traslado até Santo Domingos de Bonaval é patente en 1893 cando publican a acta notarial do proceso baixo o título de “Documento Histórico”. Non só se ten propensión ao gusto polo documentos referidos á Idade Media ou Moderna, senón tamén na contemporaneidade, trasladando un documento notarial de forma íntegra. O traslado –a *translatio* na versión laica–, financiado pola comunidade galega en Cuba²⁸, reflicte outra vez o poder identitario das comunidades emigradas e a súa gran repercusión en Galicia.

A acta notarial, proba evidente de positivismo xurídico, podería pasar por unha simple mención de feitos se non fose porque nalgúns intre a narración vai máis alá, anticipando o carácter canónico e de santificación que se desenvolve. Os presentes na exhumación en Iria Flavia, entre os cales se atopaba como testemuña Alfredo Brañas, afirman que o cadáver apenas se atopaba desfigurado e mesmo que un ramo de pensamentos está tan só sen cor, logo de seis anos soterrados²⁹. Case só faltaría engadir “en olor de santidad”. A incorruptibilidade do corpo da escritora é no relato unha proba da súa santidad laica. Outros dous elementos engádense a esta canonización laica, unha procesión onde se manifestou a importancia do acto³⁰ e a inhumación na Capela da Visitación do antigo convento dominico. Demóstrase a radical importancia dun acto de masas que, por primeira vez, non honra nin a un rei morto nin unha procesión relixiosa senón que vai máis alá, é simplemente unha escritora,

algo inaudito décadas antes. Por outra parte, o emprazamento da nova sepultura non é nada inocente, se ben é escollido por ser un lugar desamortizado; a importancia das tumbas de Bonaval pode encadrarse nun novo panteón nacional, xa que na cabeceira da igrexa atopábase un dos conxuntos funerarios baixomedievais máis importantes, especialmente feminino, á beira de Rosalía. Anos máis tarde, o propio Brañas, testemuña do acto, será soterrado fronte á poeta á maneira dun novo cabaleiro encadrado nun sartego neogótico. Deste modo, podemos decatarnos na comparación Rosalía-Santiago da importancia dos referentes corporais como emblemas, como *lieu de mémoires* dentro dunha laicidade identitaria que non deixa de beber dun sentido historicista proto-medievalizante na comparación da *inventio* e *translatio* de ambas personalidades. Non será rechamante que xustamente nas peores horas da cidade de Santiago –perda da capitalidade provincial pola Coruña, fin do réxime señorial arzobispal, fin da condición metropolitana sobre dióceses de fóra de Galicia (Rey Castelao 2006: 211)– se ensaien formas paralelas de celebración pública alén das relixiosas?

2.6. Folclore e voz muda dos historiadores: a valoración dos estudos orais

GD posúe un interese evidente polo arquivo, pola palabra escrita e envellecida, mais a tradición popular e a importancia do folclore tamén é unha forma de “arqueoloxía das palabras”, en termos foucaultianos, inspirada no primeiro romanticismo filolóxico da escola xermana dos Grimm³¹. Neste interese o que se expresa é

²⁸ “[a idea do traslado] surgió así entre los que moran en esta región como entre los que están ausentes en la isla de Cuba” (*GD* V/18: 105).

²⁹ “(...) se encontró el cadáver de la inolvidable autora de *El caballero de las botas azules*, apenas desfigurado, con la ropa que le sirve de mortaja bastante conservada, advirtiéndose sobre el pecho de a gloriosa muerta un ramo de pensamientos, ligeramente decolorados y cual si estuviesen recientemente cortados, que la piadosa mano de su cariñosa hija, la señorita Alejandra M. Murguía Castro, había en él puesto, cuando se dió cristiana sepultura á la eximia creadora del libro *A las orillas del Sar*” (*GD* V/18: 107).

³⁰ “Santiago en masa acudió al imponente acto con severo recogimiento y religioso respeto, estando las calles cubiertas por compacta muchedumbre, y las ventanas y balcones de la carrera que siguió al cortejo cuajadas de gente” (*GD* V/18: 107).

³¹ “Los cantos y las tradiciones populares que yacen olvidadas y no han sido objeto de estudio, merecen ser recogidos para darse á la luz pública por los hombres que, inspirándose en fines patrióticos, contribuyen con plausible anhelo á reconstruir la historia patria, tal como hoy lo reclaman el progreso de esta ciencia; porque aquellos no son despreciables materiales de verdadera importancia tradicional, fuentes purísimas de la ciencia popular y auxiliares fecundos de aquella otra” (*GD* V/2: 11). Véxase tamén sobre o tema a polémica que Barreiro de Vázquez Varela encabeza no seu prólogo a “Brujos y astrólogos de la Inquisición en Galicia” como Folletín do ano 1885, contra Juan Fernández Latorre, director de *La Voz de Galicia*, pola defensa do estudo minucioso das crenzas e supersticións (*GD* VI/7-14).

a profunda confianza na permanencia de feitos a través dunha oralidade que se ve xustificada porque é o pobo coas súas fontes purísimas que se expresa na súa ciencia popular. Todo o que é popular sería así bo e de proveito para a reconstrución da historia, latexando a idea do *Volkgeist* xermano neste argumento. Máis alá do evidente romanticismo, é unha forma de vangardismo metodolóxico, consolidado no séc. XX, aquel que procura na oralidade un complemento ao escrito; iso si, con períodos menos distantes. Porén, debemos reafirmar a complexa relación coa oralidade e a tradición que se mantíña en *GD* debido ao seu carácter positivista, rexeitando as supersticións e lendas e só aceptando aquelas que hipoteticamente se fundasen realmente nun referente histórico. Outra lóxica máis importante da memoria oral sería para eles que, como nese “canto heroico medieval”, o que se recorda se é tal é porque é merecente de ser compartido nas xeracións futuras e é de proveito para a comunidade. Mais non é só a verba pretérita o que se busca, tamén o xesto, a tradición nas actitudes, como logo expoñeremos.

Convén aquí falarmos, aínda que non sexa estritamente o seu apartado, dunha noticia que polo seu carácter debe ser mencionado. En ámbitos tan visionarios e vangardistas saudados pola historia en *GD* destacamos unha pequena noticia dentro das Misceláneas que aclaran tanto o papel da historia-nación como das outras liñas historiográficas³². Alí dásenos a nova da preparación dunha biografía de mulleres célebres a través da perspectiva galega de Salvador Golpe (1850-1909) (Fernández del Riego 1983: 143). Esta recompilación de biografías, da cal só temos anuncios, semella a primeira vista un intento da historia das mulleres mais cribado na óptica nacional, buscando un catalizador nesa estraña parella historiográfica. Por desgraza non nos consta que Salvador Golpe rematase ou publicase a súa obra, xa que non

topamos referencias até hoxe a tal libro, mais de todos modos o saúdo compracente de *GD* revela o seu carácter innovador nunha área da historia que até daquela estivera case desaparecida no contexto historiográfico.

2.7. Entre conservación, restauración e ideal patrio: por que e que se debe conservar?

A historia dende a visión ideolóxica do patrimonio é unha forma de levar máis alá a presentación de *GD* como unha avanzada das teses da restauración dos edificios antigos e en mal estado. A nosa pregunta desviarase por interrogarnos sobre que base se fundamenta ese interese: a resposta é o nacional, o patriótico, o identitario. A idea de conservación está ligada evidentemente ás categorías de identidade; dende ese e non outro espectro é para nós transcendental *GD* como vertebradora e defensora dunha visión nacional sobre o pasado que se encadra como moitas outras anteriores europeas, en especial, a xermana. Mais, que entendemos por patrimonio? O proxecto de *GD* está moi lonxe –metódica e intelectualmente– das lecturas actuais do patrimonio, considerado este como unha renda máis ao PIB e polo tanto obxecto de explotación turística e de entretemento ocioso (Bermejo Barrera 2007, 2006), xa que, pola contra, *GD* foi quen de crear un corpus importante de publicacións e unha boa gama de diferentes investigadores que, alén de incentivar a creación de centros museísticos e a conservación, se centraban sobre todo na investigación integral e estrutural e nunca nos beneficios turísticos, só patrióticos³³.

GD pode esaxerar a súa obra aínda cando despois da desamortización de Espartero se cree en 1844 a Comisión Central de Monumentos con filiais provinciais, en Galicia presididas polos xefes políticos provinciais (Soraluce Blond 2014: 8). O valor do medieval nestes primeiros intentos de conservación e catalogación dos bens obsérvase cando o *ante quem* dos merecentes de clasificación se sitúa no Barroco,

³² “También nuestro distinguido amigo y colaborador D. Salvador Golpe prepara una notable colección de biografías de *Mujeres Célebres Gallegas*, desde los tiempos antiguos, estudio verdaderamente interesante para el cual ha reunido con trabajo y constancia de muchos años datos numerosísimos” (*GD* V/4: 32). Este anuncio, tamén promovido no semanario *Las Mariñas* de Betanzos o 4 de decembro de 1892 (Torres Regueiro 2009: 475) é claramente prematuro, xa que tal obra non se publicaría.

³³ Para Bermejo Barrera (2007: 306-307) o actual significado de patrimonio carece de sentido ao perder a connotación orixinal de heranza común que debe ser cuidada. Patrimonio hoxe substitúe á cultura cando para *GD* ambos eran indivisibles.

publicado na memoria das súas actividades en 1845 e na aplicación das primeiras medidas oficiais. Iso si, cun evidente caos de competencias entre Facenda, Provincias e Administración central que impide unha efectividade real (*Ibid.*). As comisións actuaban movidas polo trauma nas desaparicións patrimoniais da Revolución Francesa –especialmente eclesiásticas–, e foron exportadas como unha idea de protección encargadas de catalogar e ás veces trasladar, nun precedente como primeira acción na protección do patrimonio, aínda que en España o impulso real e a concienciación estatal chegaron tras as consecuencias das desamortizacións e o abandono de edificios eclesiásticos e o seu expolio (Ordieres Díez 1995: 23-31). Porén, esta inefectividade era non só burocrática senón tamén metodolóxica, tal e como di Soraluze Blond: “Toda la Edad Media quedaba incluída en esa nebulosa estilística que se definió como bárbara y que en su ambigüedad estilística tanto entorpeció la correcta restauración de los monumentos durante gran parte del s. XIX” (2014: 12). E cando non eran as restauracións desatinadas, eran os destrozos intencionados ou non de importantes monumentos³⁴. Realmente causa vertixe reparar nesta listaxe e decatarse de que o intento de *GD* por dállos a coñecer mediante un medio relativamente elitista non impediu o seu destrozo en ámbitos rurais ou urbanos que cedían ao tempo ou ao pico burgués. Un síntoma

de que a sensibilidade sobre o patrimonio era xeralmente descoñecida. Tentábase crear unha nova sensibilización por estes restos³⁵ e, máis que construír sobre eles os novos edificios, fundamentar neles unha visión social da historia emparentada en simbiose coa nación, de forma que historia e nación fosen un e que o destrozo da ruína implicase unha deshonra e un atentado á dignidade nacional no rexeitamento –*pars pro toto*– da historia. E non só a ruína, senón o que a une profundamente á vida dos obxectos: a lenda, a tradición que debe cribar o arqueólogo sen por iso menosprezala, como no caso de Xoan Tuorum, onde ao valor da lenda se lle opón a moderna literatura romántica³⁶ (*GD* I/23: 161-162).

Sobre estas cicatrices da Idade Media (que diría Curros Enríquez)³⁷, o amor pola restauración deturpaba o sentido histórico creando un referente primitivo que se debía descubrir para que o edificio fose restaurado³⁸. En definitiva, moitas accións consistían máis ben en inventar ese pasado, ou forzalo abondo como para outorgarlle unha coherencia estilística que en orixe non tiña. Aquí atopamos o empuxe de Viollet-le-Duc, que Barreiro coñecía (Rivo Vázquez 2014: 363) e que se transmite non só na idea de coherencia entre as partes dun edificio, senón nas tendencias góticas ou neogóticas que caracterizan a Barreiro e Viollet-le-Duc³⁹ mesmo cando o primeiro se mostra profundamente

³⁴ En 1844 desapareceu San Bartolomé o Vello de Pontevedra, San Xurxo de Codeseda e tamén a igrexa románica de Santiago de Fafián en Camba en 1851, seguíndolle despois a de Santa Baia de Camba en 1911 (esta última curiosamente derrubada por completo polos veciños logo da caída dun lóstrego). E non só iso; o patrimonio medieval a comezos do séc. XX comezou sufrindo co derrubamento da torre de D. Urraca de Caldas, o convento de Santo Domingo de Pontevedra, a casa dos Churruchaos en 1886 ou a igrexa de Manduas anos despois. Tamén en Compostela, o pazo de Altamira ou o pazo de Torrenovaes e o da Inquisición (Soraluze Blond 2014: 14-15).

³⁵ Desta nova sensibilización europea xa se daba conta dende moito antes, por exemplo polo París de Balzac: “Las ruinas de la iglesia y la nobleza, las del feudalismo y la Edad Media, son ruinas sublimes que llenan aún hoy de admiración a los asombrados vencedores; mas las ruinas burguesas serán un detritus conformado como en cartón piedra, con sus colorines y escayola” (“Ce qui disparaît de Paris”, de Balzac, en *Le diable à Paris*, Paris, 1845; *apud* Benjamin 2013: 175).

³⁶ “Xohan Tuorum, the smith and so-called Home Santo de Bonaval, became a distant martyr for the liberties of the municipality of Santiago in its struggle with (...) Berenguer de Landoira” (Villares Paz 2009: 922).

³⁷ “(...) sobre las cicatrices de la hija de la Edad Media” (*GD* II/36: 263, *apud* Rivo Vázquez 2014: 360).

³⁸ Recordemos que entre 1830 e 1870 se producen os grandes debates sobre restauración do patrimonio, e pese a comezar esta preocupación no séc. XVIII (Martínez Justicia 2008: 225), consideramos que é coa revolución liberal e a creación do Estado-nación cando esta preocupación polos restos do pasado se fai máis patente.

³⁹ “The unity of monarchy and religion, the alliance of the two powers for the purpose of constituting a nation, caused the great cathedrals to be built in northern France. To be sure, those cathedrals were religious monuments, but they were also national edifices, ...the symbol of French nationality, the first and most oweful attempt to achieve unity” (definición de Viollet-le-Duc en 1866, *apud* André Vauchez en “Chapter III. The cathedral” en Pierre Nora 1997: 58). Isto tampouco implica a implantación dun molde de severidade inmutábel xa que “Viollet-le-Duc aberto alla considerazione critica e specifica di ogni singolo intervento: ogni architettura da restaurare diventa un caso particolare (...) parlerà della achitectura medievale come di delicato organismo” (Carunchio 1996: 39).

interesado en volver a un estilo gótico –destaquemos que a obra do Hospital é do séc. XVI de mestres franceses– depurado de outros elementos de carácter clásico e chamando á especial preservación do pouco gótico galego (*GD I/29*: 205-206). Así, as tendencias radicalmente románticas de J. Ruskin sobre a axioloxía da ruína (que pasarán a A. Speer) non lle serven a Barreiro de Vázquez porque son contraproducentes coa construción dunha autoscopia nacional e histórica⁴⁰: un pon a énfase nunha restauración práctica para a sociedade e para a identidade, o outro implica a aceptación da bioloxía do edificio e da súa imposíbel restauración⁴¹.

Recuperar, a pesares dos métodos científicos e positivistas de *GD*, é a representación dunha nostalxia focalizada na distorsión sobre o pasado, como ben expón D. Lowenthal e o seu amplo catálogo de invencións, onde ben poderían estar, malia a súa intención, moitas das ideas de *GD*. O valor intrínseco que legou *GD* pasa por ser un excelente medio escrito, unha plataforma que actuaba á maneira tradicional da época mediante o *J'accuse* e mediante a forma de catalizador. Nesta segunda característica a figura predominante foi Barreiro de Vázquez Varela, e a súa actitude sitúase nunha posición intermedia entre as tendencias de monopolio patrimonial do Estado ou da Igrexa. Alén disto, o que importa era a calidade do traballo e sobre

todo que fose executado por especialistas. Desta forma *GD* podía saírse dunha das críticas de Lowenthal⁴², a do carácter sentimental da reliquia histórico-visual, xa que a equilibraban cun acertado emprego de heurística positivista; esa foi realmente a súa magna obra⁴³. En definitiva, o documento é un medio elitista e o monumento; o museo e a reliquia son medios populares.

Este medio de nova didáctica está presente na *museomanía* de *GD* e, como non, dos seus representantes Barreiro de Vázquez Varela ou Villaamil y Castro. O impulso ao primeiro museo civil de arqueoloxía e aos museos eclesiásticos foi eufórico fronte a outros referentes como López Ferreiro cuxas competencias no ámbito e a súa especialidade non lle outorgaron o reverencial interese polo público e o museolóxico que posuían outros membros de *GD*⁴⁴. Ao referírmonos ao termo *museo* ou *público* cómpre facer constar que non é o significado actual; de feito, o emprendemento de museos eclesiásticos tiña como fin non amosar o patrimonio relixioso de forma xeral senón formar didacticamente os titulares futuros das parroquias para que, instruídos na sensibilidade histórica e artística, conseguisen combater nos seus destinos, por moi afastados que estivesen, o coidado polos restos do pasado, polas reliquias da patria⁴⁵. Formar a uns poucos –mais moi importantes– para que predicasen a boa

⁴⁰ Aínda así a natureza das ruínas é fascinante para o director: “(...) (y Dios bien sabe cuanto nos seducen las viejas ruinas, esos misteriosos fantasmas de los tiempos) pero nuestro decoro exige una pronta reparación (...)” (*GD I/27*: 190, *apud* Rivo Vázquez 2014: 359).

⁴¹ Non é tan só unha clase de pesimismo en canto á viabilidade da obra, senón tamén ten un sentido moral en canto representantes –os monumentos do Medioevo– das ideas da súa época, relicarios en definitiva que teñen gravada a orde “Non restaurarás!” (Capitel 2009: 28-31); unha idea comprensíbel para os arquitectos do séc. XIX e difícilmente para os do XX en canto que hai unha desaparición da proximidade coa historia, ou sexa, a ruptura dos moldes do *revival* (Capitel 2009 :74).

⁴² D. Lowenthal fai unha interpretación limitada, tomando por ideolóxico a restauración das igrexas só dende a relixiosidade e non dende o carácter nacional e puramente político: “El propósito de muchas de esas alteraciones era ideológico; suprimiendo acrecentamientos “dañinos” y restaurando el gótico “puro”, los reformadores eclesiásticos querían recuperar la atmósfera y reavivar así el espíritu de la fe cristiana de los primeros tiempos” (Lowenthal 1998: 397).

⁴³ “La accesibilidad es otra de las ventajas de los restos tangibles. Las reliquias abiertas a la inspección pública y visibles en potencia para cualquier transeúnte proporcionan unas impresiones del pasado en las que no hay intermedios. Ver la historia sobre el terreno es un proceso menos consciente autoconsciente que leer sobre ella: los textos requieren un compromiso deliberado, mientras que las reliquias pueden llegar a nosotros sin ningún propósito ni esfuerzo consciente” (*Ibid.* 355).

⁴⁴ “Si llama poderosamente la atención el apoyo incondicional ante la constitución de un Museo Diocesano por parte de José Villaamil y Castro y Bernardo Barreiro de VV, hay un hecho que nos sorprende sobremanera: la ausencia de opiniones, apoyo o posible ejercitación de influencia de uno de los eruditos y más prestigiosos canónigos de la Catedral compostelana de la época, Antonio López Ferreiro” (Serrano Téllez 1997: 245).

⁴⁵ “Se planteaba que al menos fuera el párroco una persona ilustrada para evitar el deterioro del patrimonio rural: la destrucción de altares, cornisas, ventanas o pórticos de las iglesias románicas, entre otros, era un hecho constatado, además de los numerosos robos en iglesias debido a la ausencia de medidas de seguridad” (*Ibid.* 249).

nova á maioría. Isto non implica a outra definición de museo de *GD*, a que explota en todas as súas publicacións, especialmente no referido a Santiago de Compostela, isto é, considerar á cidade un museo en si (Choay 2007: 172-173). Esta problemática da actitude fronte ao público e a súa educación expoñerá a seguir.

2.8. Didáctica do discurso: literatura ou positivismo fronte ao novo público

*Bei der vergleichung überzeugte ich mich, dass das historisch Ueberlieferte selbst schöner und jedenfalls interessanter sei, als die romantische Fiction*⁴⁶
 Ranke (apud Grafton 1997: 38)

Para B. Vicetto, referente histórico-literario da época, a revelación sensorial do pasado só pode vir á vida de forma total na novela —“o pasado é renovado completamente” (Villares Paz 2009: 924) —, idea moi similar a da resurrección de J. Michelet e o seu lema “l’Histoire est une Resurrection” (Barthes 1988: 72). Representa *GD* un intento de fundamentar a historia de Galicia de forma positivista fronte aos excesos evocativos e literarios de Vicetto?

Se Joaquín Costa fixo o seu lema a partir do famoso “escuela y despensa”⁴⁷, o de *GD* podería ser “arquivo e museo” ou “arqueoloxía e documento”. Mostra do seu interese por traspasar as fronteiras de papel da súa publicación reside no apoio e implicación na fundación do Museo Arqueolóxico de Galicia en 1884. O discurso de Luís Rodríguez Seoane o día da súa apertura é un manifesto do que se procura: “la arqueología constituye la fuente más segura de la historia” (*GD* II/46 Supl.: 3),

asumindo a verba *arqueoloxía* co significado de monumental e artístico propio da época e non o que entendemos actualmente como evidencias materiais do pasado. A arqueoloxía entra en confrontación coa superstición da tradición e a lenda: Champollion e a pedra Rosetta, Pompeia ou as catacumbas son exemplos deses grandes descubrimentos comparábeis aos achados das ciencias puras. Abrir museos é desta forma unha didáctica nova e histórica co público e unha forma de nacionalizar as masas amosando un pasado coherente, formándoo na nova sensibilidade. Difunden a partir do museo e a revista unha nova didáctica con máis participantes dispostos a integrarse na historia patria e na gloria pasada: “(...) y este Museo que hoy se inaugura atesorando tan preciosos númenes, respondiendo a móviles tan patrióticos y tan útiles, satisfaciendo decididas aficiones de nuestra alma, llegue con el tiempo á redundar en provecho y gloria de nuestra querida Galicia” (*GD* II/46 Supl.: 8).

Este elitismo comprensíbel entre documento e museo está presente varias veces en *GD* e non o agochan porque vai dirixido precisamente a un público que se sente representado entre os eruditos que non malgastan o seu tempo en pasatempos literarios⁴⁸.

A obsesión da erudición polo lema rankeano “wie es eigentlich gewesen ist” leva a continuar no desmesurado de certificar a falsidade ou non dos documentos, sobre todo os falsos cronicóns da Idade Moderna que achegaban unha grande confusión ao panorama dunha *Gallaecia Monumenta Historica* propia. Esta tarefa non era nova e xa estaba presente dende

⁴⁶ “Na comparación convencínome de que o rexistrado historicamente é aínda máis fermoso e sen dúbida máis interesante que a ficción”.

⁴⁷ Tamén nesta frase dedica Costa unha comparanza ao espírito medievalizante: “La escuela, y la despensa, la despensa y la escuela: no hay otras llaves capaces de abrir camino a la regeneración española; son la nueva Covadonga y el universo San Juan de la Peña para esta segunda Reconquista que se nos impone, hartos más dura y de menos seguro desenlace que la primera, porque el África que nos ha invadido ahora y que hay que expulsar, no es ya exterior, sino que reside dentro, en nosotros mismos y en nuestras instituciones, en nuestro ambiente y modo de ser y de vivir” (1916: 215).

⁴⁸ “La generalidad de las gentes, dado el poco aprecio que concede á ciertos estudios, pues prefiere leer la peor de las novelas á buscar en polvoriento archivo el más erudito cronicón (...)” (*GD* V/13: 88); “Bien sabe Dios que no escribimos para el vulgo notas de este género que no habrá de comprender, y que entre nuestros suscritores (lo más ilustrado del país) nos consideramos como en familia, y á salvo de toda tergiversación desfavorable que pudiera en duda nuestra religiosidad y probado patriotismo” (*GD* II/14: 105). Tamén é verdade que a castidade do historiador escribindo soamente obras dignas dese título non é severa; como exemplo, López Ferreiro representa esta dobre categoría de erudito preocupado polos documentos e a súa heurística (1898: 212-215), e de autor de novelas históricas como en *A teceira de Bonaval* (1894), *O Castelo de Pambre* (1895) ou *O niño de pombas* (1905), todas elas de ambientación medieval.

o séc. XVIII con famosos casos falsificados como o de San Servando, aínda que moi limitado na súa crítica⁴⁹. Esta fragmentación da documentación levaba ben a lagoas na historia de Galicia, ben a incrustación de lendas, impedindo unha coherencia no relato. Mesmo eruditos como López Ferreiro, de quen se conta que algún gato topou detrás de documentos hai moito esquecidos⁵⁰, sentíase ante un naufraxio⁵¹ que reconstruír, de aí a súa colaboración en *GD*. A tarefa non estaba destinada co gallo último de facela necesariamente popular, senón que as tradicións, as lendas e o literario non chegasen a deturpar a historia nacional fronte a historia lendaria; nela xogábase a diferenza dunha achega histórica científica: “(...) cuando se trata de historia y especialmente en Galicia, perjudican notablemente las invenciones populares, aun fuesen pulidas y presentadas por nuestros mejores literatos” (*GD* I/1: 2). Posibelmente non se nega o valor artístico da aproximación polas lendas, aínda que por ser perigosamente confuso coa historia de feitos positivos se condena esa forma de aproximación por solaparse coa natureza lendaria dos cronicóns. Así, falando sobre a lenda de Lupa e o Sar, “hasta el siglo presente cien cronistas más, y no tan respetables, hicieron tomar proporciones cada vez más detalladas y verídicas al dudoso relato sin darse cuenta de su credulidad, y sin pretender afianzarse en hechos positivos (...)” (*GD* II/1: 3).

O texto aparece na Idade Media e para eles é un novo monumento⁵². Un monumento

inevitabelmente ligado a esa disputa decimonónica entre arquiveiros e historiadores, unha pequena *melée* que se produciu sobre todo en España e Francia, países onde se crearon a *École des Chartres* ou a *Académie des Inscriptions et Belles Lettres* en París ou a *Escuela Superior de Diplomática*⁵³, centro este último onde se formará Murguía –para logo traballar en Simancas–; e non esquezamos que Barreiro de Vázquez Varela, o director de *GD*, será arquiveiro de profesión na deputación coruñesa. A razón deste peso dos arquiveiros está ligada á tardanza na estruturación dunha rede de cátedras de historia en España, fronte á rapidez de Alemaña, o primeiro país.

O Medievo, como outras épocas, nesa caracterización asume unha importancia nacional, mais sempre baixo a visión escura omnipresente. Pese ao carácter positivista da procura dunha linguaxe histórica lonxe de lendas e supersticións, do punto de vista estético *GD* débelle moito ao post-romanticismo e á tradición do Medievo como algo gótico no senso misterico e satánico, tráxico; así se observa na portada de Henrique Mayer (1861-1931) (Paz Andrade 1985: 163-164; Figs. 2 e 3) para o códice inédito dos Churruchaos e as guerras que contra eles fixo o arcebispo de Compostela, Berenguer de Landoira, publicado no 1889. E máis alá da estética, no título do códice vertido se remarca que é “Códice inédito. Existente en la Biblioteca del Real Palacio de Madrid, escrito en latín por un testigo ocular de los sangrientos sucesos (...)”⁵⁴, o que proxecta na

⁴⁹ “Despois por se ter cebado no seu pasado, desde anterros idus, a praga dos «falsos cronicones». Obras que xa lucían a etiqueta de historias, desde a do P. Gandar as de o P. Seguin e de Benito Vicetto –esquecendo outras menos sonadas– xustificaban de cheo unha reacción reintegracionista da verdade documentada” (Paz Andrade 1985: 167).

⁵⁰ “Pudiera de todo ello dar cabal idea el hecho público en esta ciudad de haberse hallado en uno de los estantes de este archivo el esqueleto, o mejor dicho, los restos por completo momificados de un gato que por casualidad hubo de quedar allí encerrado ¡Cuantos años, y probablemente siglos, habían, pues, transcurrido sin que nadie se hubiese utilizado de las riquezas históricas entre aquellos documentos sepultadas!” (*GD* II/42: 314-315).

⁵¹ “Un dos traballos de López Ferreiro, en Galicia Diplomática, adicase as «Memorias de la Reina Gallega Doña Aragonta», do século X. As palabras con que comenza son as que mellor poden poñer remate a este pequeno memorial de urxencia, que adeicamos hoxe ao memorabel emprendimento: «Pocos pueblos hay tan desgraciados como Galicia en lo que toca a su historia. La larga serie de sus acontecimientos ofrece pocos puntos de partida y está interrumpida por inmensas lagunas. Ni aun cuenta con aquellos descarnados cronicones, que vienen a formar por decirlo así el esqueleto de la historia. Las memorias que se conservan son noticias incompletas esparcidas aquí y acullá, como los restos de un espantoso naufragio” (Paz Andrade 1985: 173).

⁵² “(...) entrando en siglos menos remotos es posible consultar á la historia escrita; pero es preciso salvar al códice y el diploma que se pudren entre el polvo de los archivos, para que la paleografía rectifique al cronicón, puesto que encierran aquellos casi completa la historia civil y militar de aquellos turbulentas contiendas y del régimen feudal de la edad media” (*GD* II/46 Supl.: 7).

⁵³ Véxase en Peiró Martín e Pasamar Alzuria 1996 (*apud* Bermejo Barrera 2007: 316, 322).

⁵⁴ Este “Folletín” a pesar de ser de 1889 foi engadido ao Tomo V do facsímile (*GD* V).



Fig. 2. Portada ilustrada de Henrique Mayer para “Los Churruchaos”

impresión do lector unha mestura entre a novela gótica de Vicetto e as teses de gusto pola veracidade do documento, cuxo testemuño se reforza na hipótese –indemostrable– dunha presunta testemuña ocular que, *a priori*, debeu trasladar fielmente tódolos feitos *sanguentos*.

Tamén se reflicte nos artigos unha estrutura baseada en presentar primeiro uns prolegómenos lendarios, efectistas e barrocos para pasar despois a unha análise máis fría ou positivista. Neses prolegómenos interesa a carnalidade e o goticismo romántico. Así, sobre as ruínas de San Lorenzo de los Duques (hoxe San Lourenzo de Trasouto) dise que “la pared agujereada en torno al Cristo contenía un numeroso enjambre de abejas que trabajaban su miel alimentadas, al decir de las gentes, de las llagas




Fig. 3. Portada para a edición dos feitos de Berenguel de Landoira e os “sanguentos sucesos”.

de madera pintada del sublime mártir” (*GD* II/6: 41). Esta poética utilízase como elemento de degustación da ruína e do histórico alén da simple exposición de datos, e é utilizada, no marco post-romántico, cunha forma contrastada co esquema antedito de exposición literaria ambiental-lectura científica e crítica co tradicional supersticioso-exposición de feitos e datos.

Existe polo tanto una poética de *GD* que difire da tradición literaria da novela histórica en canto que no primeiro caso o recurso poético é un decorado a unha exposición de feitos contrastados mentres que no segundo, tanto o fondo como a forma, esencia e existencia, están determinadas polo poético que vai máis alá do histórico e dos feitos positivos.

⁵⁵ “Como punto de derecho, no acepto los procedimientos de la fuerza, y los que emplearon los hermandinos en el siglo XV, reproducidos tres siglos después en la misma comarca viverense eran del propio género de los que actualmente recomiendan *internacionales y nihilistas*” (*GD* IV/31: 237-239).

3. Conclusións e proxeccións no galeguismo do séc. XX das ideoloxías sobre o Medioevo: deica unha erótica da reacción?

En 1889 o segundo erudito máis visíbel de *GD*, Villaamil y Castro, comparaba as revoltas do séc. XV protagonizadas pola Santa Irmandade cos *nihilistas* e *internacionalistas* que daquela xeraban pánico entre as elites europeas⁵⁵, ben fose pola actividade terrorista, ben polo episodio da Comuna parisina. Lonxe se estaba de interpretar ese episodios de violencias e revoltas medievais como unha explosión identitaria ou simplemente como unha rebelión patrocinada pola realeza contra determinada nobreza violenta.

Un signo evidente dunha postura reaccionaria socioloxicamente é o perigo de procurar no pasado un motivo constante de queixa contra o contemporáneo, sublimando aquel e condenando este (Carreras Ares 2004: 18-20). O refuxio temporal da evasión da historia é para E. Álvarez Carballido⁵⁶ unha loita tanto contra o egoísmo como contra o espellismo das ciencias sociais, cuxo progreso concorda mal para el coa realidade identitaria e tradicional dos pobos. Cada artigo de *GD* pasa a ser así tamén un pequeno manifesto.

A actualidade destas verbas consérvase nun senso diferente, xa que para Carballido calquera loita contra a historia o é tamén contra a tradición e o ser nacional, cuxa lectura organicista impide a separación dun e doutro. En *GD* moitos artigos comezan cunha introdución na que se toma posición sobre unha problemática actual; igual que nas primeiras páxinas predomina o carácter tremendista e rompedor de *GD*: “(...) en Galicia todo se ha viciado, todo se ha destruído, todo responde

a la voz de la superstición y la maravilla, no pequeña” (*GD* II/1: 1). Este espírito *a priori* irreconciliábel coa modernidade será de amplo espectro e chegará até os anos 30 e máis alá cando Ramón Piñeiro e outros revisionistas do galeguismo reinterpreten o historicismo⁵⁷ dende a Modernidade rachando coa tradición decimonónica.

Porén entre a holística conservadora dos anos 30 trunfará e perpetuarase unha visión da Idade Media non herdada a través de *GD*, senón da súa sensibilidade científica de presentar moitos aspectos de *doxa*, como *episteme*, como no exemplo de Villaamil y Castro. Esta realidade está, por moito que a eclipsemos neste traballo pola focalización medieval, derivada do celtismo ou incluso do atlantismo, cuxo edificio ideolóxico é

la manifestación completa más antigua de ese espíritu celta-germánico, atlántico fue el druidismo. Y si bien Roma consiguió barrer por la fuerza el espíritu céltico del continente, no lo es menos, según Risco, que ese espíritu, refugiado en las Islas Británicas, resurge en la Edad Media en fraternal unión con el germánico, y da lugar al ideal caballeresco. Por desgracia el Renacimiento supuso la victoria contraofensiva del enemigo, que ha venido prevaleciendo hasta la actualidad. (Beramendi 1991: 142)

O carácter intermitentemente glorioso da Galicia medieval podería ficar incompleto sen o discurso celtista que topaba nos suevos máis que a primeira monarquía da *Gallaecia*, un substrato racial acompasado perfectamente coa nordicidade dos celtas e polo tanto que fornecaría continuidade e que rachaba coa semiticidade dos romanos, engadindo unhas novas

⁵⁶ “Triste misión la del impulso de su particular carácter, de sus estudios especiales, ao del deseo de ponerse en contacto con las generaciones que le precedieron, buscando en su recuerdo un lenitivo al escepticismo social, que produce el vivir a merced de la filosofía imperante en el presente siglo, (la que no es más que un falaz egoísmo disfrazado) se dedica a estudiar la historia, los monumentos, las leyendas y tradiciones de un país. La ilustración ficticia que nace de los progresos de las ciencias naturales, hace que toda noción de las grandezas pasadas quede relegada al olvido (...) A estas ideas predominantes en la actual generación, se deben sin duda alguna la destrucción de tantas obras de arte, que respetadas por el tiempo, perecieron a mano del hombre; no tanto por el afán natural de desmoronarlos, cuanto de borrar el recuerdo de las entidades sociales que las erigieran (...) que fueron en día no lejano gloria y orgullo del país nativo” (*GD* V/16-17: 99).

⁵⁷ A verba *historicismo* –do alemán *Historismus*– ten múltiples e variadas interpretacións desenvolvidas todas elas até os anos 50 en Alemaña. Aquí o utilizaremos non co significado rankeano da fidelidade ás fontes –algo que comparte e radicaliza o positivismo– senón pola importancia da vivencia e *revival* do pasado na lectura do presente (Bermejo Barrera 2009: 190, 199) e a creación dun metarrelato (Hamilton 1996: 20-29).

elites xermanas⁵⁸ mediante unha anagnórese de dúas estirpes de tronco común, mais afastadas durante un tempo⁵⁹. De todas formas, a evolución do galeguismo no referente aos seus usos da historia semella deixar atrás o carácter máis medievalizante e cultural de *GD* por ir tomando na teoría da raza e do celtismo uns recursos acordes con outros discursos europeos coetáneos nos anos 20 e 30 para facerse realmente hexemónico.

Así, a énfase da documentación medieval e da predominancia no discurso de *GD* mantívose, mais sen soportar o carácter celta. O peso de Risco como figura destacada no campo da primeira definición nacionalista tamén se destaca como teórico da historia (Risco 1928). Gaña a imaxe dunha Idade Media en que Galicia persevera polos seus ocasionais reis propios e sobre todo polo éxito na súa loita de razas contra os berberiscos e mouriscos, mais na que os seus fracasos son unha forma non de reivindicar a gloria senón os agravios sempre por un axente exterior, sexan os visigodos ou os reis de Castela. O que permanece no galeguismo, poderíamos dicir máis conservador, é o remanente dunha estética e dunha ética medievalizante presente no eloxio das grandes sagas nobiliarias, na actitude aristocraticamente elitista, decadente mesmo no eloxio do románico como esencia patria recuperado logo no Barroco⁶⁰, sintetizado na aldea e a tradición, saltando sempre os períodos que, como o renacentista ou neoclásico, esixen dinámicas

universais relacionadas co éxito dunha razón lumínica que derruba algúns cimentos da tradición.

A linguaxe da reacción, sen ser este termo en absoluto pexorativo, entende a actualidade como o impropio e deriva disto unha nostalxia arquetípica no señor feudal melancólico⁶¹ cercado por un mundo non-interpretábel. “E a xente emprincipiou a marchar, e fóronse indo, hoxe un casal, mañá outro e así deica non quedar ninguén na aldea, senón foi o Señor feudal, cos seus cadelos, o seu faco e un vello escudeiro...” (Risco 1994: 201): este é o paradigma que fica, cuxa vida pervivirá interesadamente no franquismo e que axiña desaparecerá do galeguismo na súa auto-catarse logo da extinción do Partido Galeguista. Nese momento a erótica da reacción polas idades pasadas batía dialecticamente co enfrontamento da realidade, moi lonxe de que a estética medievalizante e decadente ou que o racismo celtista solucionase o problema político e social.

Serpenteando nunha liña complexa entre o entendemento polo poder da historia e a súa verdade, entre o poético e o político que catalogan as verbas de *GD* no seu manifesto fundacional como unha forma de agocharse a unha realidade imposible de somerxer, “Galicia Diplomática deixa vivir a todo el mundo en el revuelto mar de las miserias presentes; á ella solo le pertenece lo antiguo, lo que ya ha perecido” (*GD* II/11: 88).

⁵⁸ Convén afirmar que a herdanza sueva non sempre foi reivindicada, e un dos seus críticos foi Villar Ponte, que se retratou lonxe do medievalismo como arma histórica. “Os mesmos suevos lle respetaron aquela esvaída autonomía en que os fillos de Galicia viñeron vivindo perante a tristeira xeira sueva, con proveito e beneficio da propia personalidade qu’ eisí puido charse axeitada e disposta pra se pore en pe cando as pretas xornadas do medioevo entebrecían o panorama peninsular” (Barreiro Fernández 1993: 204).

⁵⁹ “Esta versión implica que como os suevos son tamén celtas e arios, a mestura de razas non é mais que o encontro dunha sangue común. Recupérase, desta maneira, o Reino celta, o reino de Galicia” (Barreiro Fernández 1993: 197).

⁶⁰ Isto sintetízase coa tradición e eloxio do *beatus ille* presente no agrarismo conservador e tamén de forma xeral no galeguismo: “A cidade pode ser sempre neoclásica, moderna, sinxelamente urbana. O campo é sempre románico (...) Momentos únicos sen desprazamentos nin falsos camiños. Momentos que só en Galicia foron tres. Galicia pode explicarse completamente como céltica, barroca e románica. Fóra destas intuicións só será posible obter unha explicación incompleta ou mecánica” (Otero Pedrayo 1930: 122-123).

⁶¹ Isto é o decadentismo, en absoluto presente na esquerda da época, cuxos versos amosa ben Baudelaire e que recupera logo Risco no seu relato: “Je suis comme le roi d’un pays pluvieux,/ Riche, mais impuissant, jeune et pourtant très vieux,/ Qui, de ses précepteurs méprisants les courbettes,/ S’ennuie avec ses chiens comme avec d’autres bêtes (...)” (Baudelaire 2008: 222).

4. Referencias bibliográficas

- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1993): “A historia da historia. Aproximación a unha historiografía galega: de Murguía a Risco”, en J. Beramendi (1993), *Galicia e a Historiografía*. Santiago de Compostela: Tórculo, pp. 183-209.
- (2003): “Bernardo Barreiro e a Galicia Diplomática”, en B. Barreiro de Vázquez Varela (dir.), *Galicia diplomática: revista semanal de arquivos y bibliotecas, historia, arqueología, heráldica, literatura, ciencias y artes* (ed. facsímil). A Coruña: Losa, D.L., vol. 1, s.p.
- Barro, Pepe (2014): *O como é o que conta*. Santiago de Compostela: Tórculo, Barro Deseño.
- Barthes, Roland (1988): *Michelet*. Paris: Seuil.
- Baudelaire, Charles (2008): *As flores do mal*. Vigo: Galaxia.
- Benjamin, Walter (2006 [1928]): *El origen del Trauerspiel alemán. Obras I*. Madrid: Abada, vol. 1.
- (2013): “Paris antiguo, catacumbas, demoliciones, ocaso de París”, en *Libro de los Pasajes. Obras V*. Madrid: Abada, vol. 1, pp. 167-195.
- Beramendi, Justo e Ramón Máiz (comp.) (1991): *Los nacionalismos en la España de la II República*. Santiago de Compostela / Madrid: Consello da Cultura Galega / Siglo XXI de España.
- (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- Bermejo Barrera, José Carlos (2006): “La ideología del patrimonio y el nacimiento de la Historia basura”, *Gallaecia* 25, pp. 289-304.
- (2007) “*Flatus vocis*: Genealogía de una palabra sin sentido: patrimonio”, *Habis* 38, pp. 305-328.
- (2009): *Introducción a la Historia teórica*. Madrid: Akal.
- Capitel, Antonio (2009): *Metamorfosis de monumentos y teorías de la restauración*. Madrid: Alianza.
- Carbonell, Charles-Olivier (1986): *La historiografía*. México: FCE.
- Carreras Ares, Juan José (2004): “Edad Media, instrucciones de uso”, en E. Nicolás Marín e J. A. Gómez Hernández (coords), *Miradas a la historia: reflexiones historiográficas en recuerdo de Miguel Rodríguez Llopis*. Murcia: Universidad de Murcia, pp. 15-29.
- Carunchio, Tancredi (1996): *Dal restauro alla conservazione: introduzione ai temi della conservazione del patrimonio architettonico*. Roma: Kappa.
- Choay, Françoise (2007): *Alegoría del patrimonio*. Barcelona: Gustavo Gili.
- Cordal Fustes, Xabier (2009): “A ideoloxía reintegracionista (Notas de filoloxía política 2.0)”, *A trabe de ouro* 79, pp. 27-49.
- Costa, Joaquín (1916): *Maestro, escuela y patria*. Madrid: Biblioteca Costa.
- Dosse, François (2006): *La historia en migajas: de Annales a la “Nueva Historia”*. México D.F.: Universidad Iberoamericana.
- Fernández del Riego, Francisco (1983): *Pensamento galeguista do século XIX*. Vigo: Galaxia.
- Grafton, Anthony (1997): *The Footnote: A curious History*. London: Faber and Faber.
- Hamilton, Paul (1996): *Historicism*. London / New York: Routledge.
- Koselleck, Reinhart (1993): *Futuro pasado. Para una semántica de los tiempos históricos*. Barcelona: Paidós.
- López Ferreiro, Antonio (1898): *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Seminario Conciliar Central, tomo 1.
- Lowenthal, David (1998): *El pasado es un país extraño*. Madrid: Akal.
- Martínez Justicia, María José (2008): *Historia y teoría de la conservación y restauración artística*. Madrid: Tecnos.
- Murguía, Manuel (2011 [1882]): *El foro. Sus orígenes, su historia sus condiciones* (ed. facsímil). Madrid: Librería de Bailly Bailliere.
- Ordieres Díez, Isabel (1995): *Historia de la restauración monumental en España, 1835-1936*. Madrid: Ministerio de Cultura.
- Otero Pedrayo, Ramón (1982 [1930]): *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega*. Vigo: Galaxia.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2005): “El Mariscal Pardo de Cela. Una injusticia ejemplar”, *Torre de los Lujanes* 55, pp. 83-108.
- Paz Andrade, Valentín (1985): *Galicia lavra a sua imágen*. Sada: Edición do Castro.
- Peiró Martín, Ignacio e Gonzalo Pasamar Alzuria (1996): *La Escuela Superior de Diplomática (Los archiveros en la historiografía española contemporánea)*. Madrid: ANABAD.

- Portela Silva, Ermelindo (ed.) (2003): *Historia da cidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Concello, Consorcio e Universidade de Santiago de Compostela.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2011): *Fogar impronunciable. Poesía e pantasma*. Vigo: Galaxia.
- Rey Castelao, Ofelia (2006): *Los mitos del apóstol Santiago*. Santiago de Compostela: Consorcio.
- Risco, Vicente (1928): *Elementos de metodología de la Historia*. A Coruña: Nós, Publicacións galegas e imprenta.
- (1994): *Obras completas*. Vigo: Galaxia, vol. 1.
- Rivo Vázquez, María (2012): *Galicia Diplomática (1882-1893): un modelo de crítica histórico-artística en el siglo XIX*. Tese de licenciatura inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2014): “En el ocaso patrimonial. Sobre protección, conservación y restauración en la revista Galicia Diplomática”, en C. Fernández Martínez e J. M. Monterroso Montero (eds.), *La huella impresa. Opus Monasticorum VIII. Textos e imáxenes para una historia del arte gallego*. Santiago de Compostela: Alvarellos.
- Sánchez-Albornoz, Claudio (1993): “Invención del sepulcro de Santiago”, en *Santiago, hechura de España. Estudios jacobeos*. Ávila: Fundación Sánchez Albornoz, pp. 45-75.
- Serrano Téllez, Nuria (1997): “La creación de los museos eclesiásticos de Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 44/109, pp. 243-280.
- Soraluce Blond, José Ramón (2014): *Arquitectura restaurada de Galicia. Orígenes*. Santiago de Compostela: Andavira.
- Suárez Otero, José (2004): “Una tumba apostólica”, en F. Rodríguez Iglesias (2004), *Iter Stellarum. La gran obra de los caminos de Santiago*. A Coruña: Hércules.
- Torres Feijó, Elías José (1999): “Cultura portuguesa e legitimación do sistema galeguista: historiadores e filólogos (1880-1891)”, *Ler História* 36, pp. 273-318.
- Torres Regueiro, Xesús (2009) “Nove poemas galegos e un conto de Salvador Golpe (1850-1909)”, *Anuario Brigantino* 32, pp. 465-488.
- Vauchez, André (1997): “Chapter III. The cathedral”, en P. Nora, *II. Traditions. Realms of Memory: the Construction of the French Past*. New York: Columbia University Press.
- Vicetto, Benito (1899): *Rogin Rojal ó el paje de los cabellos de oro. Historia caballeresca del siglo XI*. Montevideo: La España.
- Villares Paz, Ramón (2009): “Modern Galicia and the Middle Ages. Castros, Castles and the Camino de Santiago”, en J. D’Emilio (ed. e trad.), *Culture and society in Medieval Galicia. A cultural crossroad at the Edge of Europe*. Leiden: Brill.
- Villares Paz, Ramón e Aurora Artiaga Rego (2007): *Galicia no século XIX. T.I. Estancamento económico e mudanzas sociais*. A Coruña: La Voz de Galicia.